

-Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida desempeñar as funcións correspondentes á praza a que opte.

-Non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Os nacionais doutros estados acreditarán de modo fidedigno non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu país o acceso á función pública.

Documentación que se presentará:

-Instancia.

-Documentos de identificación: fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que acredite nacionalidade, así como, de ser o caso, xustificación das circunstancias a que se refire o número I da base III.

-Fotografía tamaño carné.

-*Curriculum vitae* con documentación orixinal ou fotocopia que acredite a titulación, formación e experiencia exixidas, así como a formación e/ou experiencia que desexe achegar para ser valorada. A omisión da documentación acreditativa de calquera mérito eliminará da súa correspondente valoración.

-Todos os méritos que os aspirantes achegan para a súa valoración enténdese referidos ao día de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

-A experiencia acreditarase cun historial completo emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e mais certificado de empresa ou copia cotexada dos contratos de traballo.

-Documento xustificativo de estar en posesión do Celga 4, título de perfeccionamento da lingua galega ou estudos equivalentes debidamente homologados polo órgano competente en materia de política lingüística.

-Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na solicitude, así mesmo deberán solicitar as correspondentes adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria.

-Aqueles que presenten fotocopias sen compulsar e accedan á fase de entrevista persoal deberán achegar, o día da entrevista persoal, os orixinais co obxecto de cotexar as copias presentadas; o dito cotexo será previo á entrevista.

Recollida das bases. Lugar e prazo de presentación de solicitudes:

-As bases da convocatoria pódense recoller nas oficinas de servizos centrais da fundación sitas en Área Central L25MN, 15707 Santiago de Compostela, na páxina web www.artesaniadegalicia.org, no

teléfono: 881 99 91 75 ou no correo electrónico da fundación: centro.artesanía@xunta.es

-As solicitudes serán dirixidas ao xerente da fundación e presentaranse ou remitiranse por correo certificado ás oficinas de servizos centrais da fundación sitas en Área Central L25MN, 15707 Santiago de Compostela.

-O prazo de presentación será de 15 (quince) días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

-O enderezo que figure nas instancias considerárase como o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do aspirante tanto un erro na súa consignación como a comunicación á fundación de calquera cambio nel.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2008.

Maruxa Ledo Arias

Xerente da *Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño*

FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA

Concurso aberto para a contratación do director xeral da Fundación Semana Verde de Galicia.

Convócase proceso de selección para cubrir a praza de director xeral da *Fundación Semana Verde de Galicia*.

Conforme o disposto no artigo 25 dos estatutos da fundación o director xeral da *Fundación Semana Verde de Galicia* é o responsable das funcións ordinarias de administración e xestión desta e exerce as facultades delegadas polo Padroado e as previstas nos estatutos.

As bases da convocatoria poden ser consultadas na sede electrónica da *Fundación Semana Verde de Galicia*: www.feiragalicia.com/directorxeral. As solicitudes remitiranse por correo certificado ao seguinte enderezo: *Fundación Semana Verde de Galicia*, avda. Recinto Feiral de Silleda, s/n, 36540 Silleda (Pontevedra). Adicionalmente remitirase unha copia da solicitude por correo electrónico ao seguinte enderezo: director.fsv@xunta.es.

O prazo de presentación de solicitudes é de quince días desde a publicación deste anuncio.

Silleda, 31 de outubro de 2008.

Casto Varela Gesto

Presidente da Comisión Executiva do Padroado da *Fundación Semana Verde de Galicia*